



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.* (DOG do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 pais/nais**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.**

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa **candidatura** oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do **día 8 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **11 de novembro**, ás 11:15 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá **desde o 11 ao 17 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES Urbano Lugo. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que que estean avalados cando menos pola firma de tres electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 19 de novembro, de 18:15 a 19:30 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 18:15 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** das persoas candidatas presentadas, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, a 30 de outubro de 2024
A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,
África López Souto
Directora



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

SECTOR REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS

-EXPOSICIÓN E RECLAMACIÓN DE CENSOS: 30 outubro – 6 novembro de 2024.

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS: 1-8 novembro de 2024.

- CAMPAÑA ELECTORAL: 11- 17 novembro

DATA DE VOTACIÓN: martes 19 de novembro de 2024.

LUGAR E HORA (SECTOR NAIS/PAIS): Salón de actos do Centro, de 18:15 a 19:30 h.